

DIARIO DE CONFINAMIENTO

Alumnado ESO

CPI de XANCEDA



Natalia Vieites Paz

3º PMAR

Non é Valente aquel que non ten medo senón o que sabe conquistalo
(Nelson Mandela)

Queremos contar nosa propia historia..

Todo comezou o 12 de marzo de 2020, o que ocorreu cambiaría as nosas vidas para sempre.

Primeiro antes de nada vos contaremos quen somos. Un centro educativo do rural situado no centro Oeste de Galicia e ao leste da provincia da Coruña.

A principal fonte económica e a gandeira. Por se non adiviñadabes xa a paisaxe é bucólica con verdes praderías e vacas pastando. O clima é húmido e moitas veces especialmente no inverno pasamos moito frío, pero temos un corazón Valente e Forte, somos o CPI de Xanceda.

Así que nese fatídico día 12 de marzo foi cando unha pandemia que xa nos axexaba desde hai días, quizá meses cobrou forma e nome, COVID-19.



E foi entón cando comezou nosa particular historia... unha historia marcada pola tecnoloxía e pola ausencia de calquera contacto persoal.

Durante máis de dous meses as nosas vidas estiveron repletas de chamadas, videochamadas e videoconferencias, reunións interminables, aplicación de mensaxería instantánea, tarefas e probas nas aulas virtuais. E como non moitos quebradizos de cabeza.

E ágora que case estamos a finalizar este insólito curso desexamos contarvos todo isto porque sabemos que nunca o esqueceremos..

E como é ben sabido que a vida está chea de historias... e esta con toda posibilidades será un novo comezo onde os abrazos virtuais non nos abandonarán en moito tempo.



Estar en confinamento foi duro. Creio que todos tivemos altos e baixos, enfados coas tecnoloxías porque as redes e webs estaban colapsadas, momentos de caos pola falta de organización das tarefas (ao principio sobre todo), días atarefados polas videochamadas e deberes, ganas infinitas de quedar con nosos amigos... Agora xa todo se está calmando, pouco a pouco estase normalizando a situación e o curso escolar xa rematou, pero esta foi unha experiencia que sempre recordaremos.

Esta época comenzou o 14 de marzo .

As dúas primeiras semanas foron moi duras por culpa de non poder saír nin polo pan. Eso que se leva moito mellor porque estamos na aldea e sempre temos máis liberdade.



Ao mes ou así xa se levaba algo mellor porque xa se tiña máis liberdade.

Tiñamos algunhas clases por videoconferencia algo que non nos resultou moi fácil debido a dificultade dos problemas de internet e da falta de costume.

Isto é raro, todo é raro. Algo que só viamos de lonxe, pasou a formar parte das nosas vidas. Agora todo é extraño, a xente vai con protección, estivemos pechados e pechadas nas nosas casas, mortos e mortas de aburrimiento, só podiamos ver a amigos e familiares por videoconferencia, só podendo ir ó supermercado ou ó médico e, por suposto, sen ir á escola.



Recordo perfectamente o momento no que nolo dixeron, entramos á clase de tecnoloxía, e xa era oficial: tiñamos que estar metidos e metidas nas nosas casas 15 días, que como vedes non acabaron sendo 15 simples días!!!

Estabamos preocupados e preocupadas polo curso que ven, por non saber nada, pero a verdade é que os mestres foron moi bos, facendonos clase por videoconferencia para explicarnos ben todo, e vídeos explicativos ou simplemente exercicios para reforzar.

Como dicía ao principio, isto é moi raro, pero de todo se sae, non si? E máis estando unidos e unidas.

Este virus deixa unha etapa das nosas vidas imborrable, nunca imaxinei vivir algo así. Considerámonos unha sociedade forte, pero en realidade, somos moi vulnerables ante certas circunstancias.



As primeiras semanas de confinamento foron moi duras, estabamos moi nerviosos polo que iba pasar e como iba evolucionar o virus. Cando comezou a desescalada puxemosnos moi felices porque xa podíamos ir ver os nosos avós e aos amigos aínda que so fose con mascarilla. Era un pouco difícil ter as clases por videoconferencia porque as veces non iba o wifi ou tiñamos outros problemas. Este confinamento fíxonos pensar en que se pode saír de todo lento ou máis rápido. Isto finos moito máis fortes mentalmente.

Nunca esqueceremos o tempo que botamos pechados na casa sen poder saír, ca ilusión de que cando saísemos iríamos con máis ganas que nunca a disfrutar todo o que non sabíamos que era importante para nós e nunca lle fixemos caso.



Estivemos en corentena 3 meses; 3 meses metidos na casa sen poder saír. Ademais de ter moitos deberes, foi unha experiencia rara.

Eu que tiña unha rutina establecida non notaba o cambio; levántome ás 8:30 todos os días, almorzo, dúchome, vístome e xa me preparo para as videoconferencias que nos propoñen os profesores ou a principio de semana ou o día anterior. Se hai tempo entre clases aproveito para facer tarefas. Normalmente rematamos de dar clase ás 13:30, eu sigo traballando ata aproximadamente as 14:15.

Logo xanto e as 16:00-17:00 máis ou menos volvo para seguir traballando ata que faga un parón cando note que me doe o lombo ou a cabeza.



A min resultoume máis cómodo estar na casa, pois é todo máis sinxelo, ao ser consciente da situación fóra sabía perfectamente que tiña que gardar ese pensamento de saír e relacionarme socialmente.

Ao final queiras ou non resulta unha rutina aburrida, é sempre o mesmo, pero hoxe día 14 de Xuño sei que me quedan nada máis que 4 días de traballo diario e logo xa vacacións.

En conclusión, é concienciarse do que tes que facer e sempre estar positiva.

Os primeiros días estábamos saturados de traballo, non sabíamos como organizarnos, pero pensábamos que ía a durar só 15 días daquela. Os días de confinamento ían en aumento e tivemos que comezar a usar a tecnoloxía con frecuencia. Ao final non quedou outra que coller o hábito de mirar todos os días o correo, a aula virtual e o novo horario de clases para estar ao día, pero iso só provocaba máis ganas de volver a escola



Non me esperaba que ocurriera isto , ao principio era algo que nunca pensaba que ía pasar , a noticia pilloume por sorpresa e tiven que aprender a convivir sin poder ver aos meus amigos , gracias a estas tecnoloxías puiden ter contacto con eles , pero nada era igual . Gracias a que esto se foi calmando xa podemos saír algo e todo xa empeza a ser como antes , aínda que bastante máis diferente .

Neste confinamento pasei uns tres meses sen ver os meus compañeiros, despois cando se puido empezar a saír e velos tiñamos que estar con mascarilla e a distancia sen poder tocalos.

Durante esta cuarentena non fun ó colexio, que pena.

Durante esta cuarentena, deitada na cama coma unha prea.

Durante este confinamento, dura moito tempo.

Durante estos meses, comemos moitos entremeses.

Durante esta cuarentena, escoitar as queixas de miña abuela.

Isto foi impresionante un chino comeu un murciélago e acabou con unha pandemia mundial, simplemente increíble, os científicos din que isto empezou por unhas glándulas venenosas dos murciélagos.

Toda esta situación empezou como unha simple broma, nadie o tomou en serio hasta que entramos en estado de alarma e comezamos a cuarentena. Ahí démonos conta do que esta situación implicaba, distanciarnos dos nosos seres queridos, da liberdade e só ter contacto a través da rede.



Ese día foi extraño e con esa noticia aínda máis, xa sabíamos que había un virus por outros lugares pero non sabíamos que ía a chegar ao noso país tan rápido nin tampouco que ía a traer tantos males.

Cando nos dixeron na escola que non podíamos volver e que tiñamos que recoller as nosas cousas sen deixar nada na clase e ir para casa debido a un virus moi perigoso e que era para a todas as persoas moi grave, e nin era verán e nin estabamos castigados.



Así chegamos ata estos días loitando e traballando xa que non eran vacacións e os días estaban cheos de conexión, pero grazas ao todo o apoio dos profesores seguimos estudando e aprendendo porque así é como se gana con axuda e ilusión.

Además sabíamos que todas as outras persoas estaban loitando como nós, enfermeiros, médicos, farmacéuticos, traballores dos supermercados e iso axúdame un montón, ata outros traballos estaban aportando o seu granito de area e así todos estamos intentando volver a normalizar isto, así despois volveremos gozando mogollón.



Cando empezou a principio dixen solo era un virus que non nos iban a chegar a España pero chegou, dun día para outro tivemos que cambiar toda a nosa vida ata hoxe en día algúns temos medo de poder collelo e algúns non respectan as normas de sanidade para os non ter máis contaxios

Non esperaba que pasase isto todo que ao principio nos parecía a todos unha broma e que ao final para isto todo, pero bueno agora xa podemos ver aos nosos amigos e saír da casa.

Vivir esta situación vainos servir para valorar máis as cousas que antes non valorábamos moito.

Non poidemos xuntarnos nin coa familia nin cos amigos para celebrar cumpreanos.

Pensábase que ía ser unha tontería e xa levamos 3 meses que non podemos facer vida normal.



Esta situación vainos valer para entender o valor dunha simple aperta, dun simple instante ou un momento ao lado de alguén. Así darémonos conta de a quen en verdade valoramos e botamos de menos.

Recordaremos instantes que antes non significaban nada e aos que agora nos aferramos.

Durante este período de confinamento tan aburrido e desesperante aprendimos a ter outro tipo de conexión coa familia e os amigos e tamén a coidar da natureza e saber o importante que é.

Foi unha situación que ninguén esperaba que ía ser así e non estábamos preparados para isto, tivo que cambiar todo o que para nós era unha rutina. Quedar cos nosos amigos, ir a clases....

Pero isto tamén ten a súa parte boa, grazas ao confinamento unímonos máis e valoramos máis como o de ir a escola...



Non estábamos preparados para esta situación, non sabíamos o que ía ser estar estes meses sen ir ao instituto.

Ahora imos valorar máis o que é ir ao instituto.

A rutina de luns a venres consistía en levantarnos cedo, almorzar, coller o autobús para ir para o colexio e alí dar as clases que por exemplo agora facemos virtualmente tamén os deberes que faríamos ou ben na clase ou na casa, agora facémolos pola aula virtual. Cambiou o horario pero no confinamento seguíamos tendo un horario, pero distinto, a través de videoconferencias. Tíñamos deberes e probas nas aulas virtuais.

Agora dámonos conta do importante que son as tecnoloxías, xa que se non fose por elas, nin teríamos contacto para as cousas do colexio nin para falar cos nosos amigos.

Todo cambiou de un día para outro, de estar no colexio, a cada un estar na súa casa encerrado desexando salir.

